



## Como debemos ler hoxe o Novo Testamento?

---

Carmen Bernabé<sup>1</sup>

### 1.- Diferentes formas de ler hoxe o Novo Testamento

Hai dúas formas básicas de achegarse á lectura do Novo Testamento, nas que despois aparecen moitos matices: a das persoas crentes e a das que non o son, mais aprecian nel unha literatura de valor universal e mesmo poden recoñecer nel unha mensaxe relixiosa profunda. Centrarémonos na primeira, a lectura crente, aínda que faremos alusións á segunda.

Nestes momentos, a lectura crente do Novo Testamento, aínda que en augas máis tranquilas que hai quince anos, navega entre varios farallóns: o perigo do literalismo, que tantas veces deriva en posturas fundamentalistas ou integristas; non menos perigoso é o farallón das lecturas «místicas» ou as pietistas, que pretenden unha solución directa aos problemas inmediatos, saltando as mediacións e os métodos críticos de interpretación, que rexeitan e que cualifican como un acto de desconfianza da acción de Deus e o seu Espírito, e sen ámbito comunitario e eclesial.

Hai que mencionar outros dous modos de ler o Novo Testamento: o que manteñen os que, desde posicións dogmáticas ou doctrinais previas, achéganse aos textos para entresacaren de forma descontextualizada unha cita que apoie coa súa autoridade a doutrina previamente afirmada. E o dos que pensan que o Novo Testamento é un libro do pasado que, nuns tempos e culturas tan diferentes,

---

<sup>1</sup> Carmen Bernabé Ubieta é profesora de Teoloxía Bíblica na Facultade de Teoloxía de Deusto